



Resolución reitoral do 22 de xullo de 2026, da Universidade da Coruña, pola que se establece o segundo prazo de solicitude e renovación de adaptacións para novo estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso académico 2026/2027

PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, no marco do seu compromiso coa igualdade de oportunidades e coa inclusión, promove medidas específicas de apoio ao estudiantado que, por razóns de discapacidade ou outras circunstancias persoais, precise adaptacións que garantan o exercicio efectivo dos seus dereitos académicos.

Esta resolución ten por obxecto regular o segundo prazo de solicitude e renovación de adaptacións dirixidas ao estudiantado da UDC con necesidades específicas de apoio educativo, para o curso académico 2026/2027.

ARTIGO 1. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderá solicitar as adaptacións reguladas nesta resolución o estudiantado que estea matriculado ou teña previsto matricularse no curso académico 2026/2027, e que:

- a) Teña recoñecida algunha discapacidade.
- b) Presente necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións como TDAH, dislexia ou outras dificultades de aprendizaxe.
- c) Se atope noutras situacións que xustifiquen a necesidade de apoio e acompañamento.

ARTIGO 2. DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes de adaptacións para este curso académico serán valoradas polo equipo técnico da Unidade de Atención á Diversidade (ADI). O procedemento é o seguinte:

- a) Completar o formulario cos datos que se solicitan e aceptar a cláusula de protección de datos e mais as normas da Unidade: <https://forms.cloud.microsoft/e/sKT6cRy49S>
- b) Para nova solicitude de adaptacións, ademais de cubrir o formulario, hai que anexar a seguinte documentación:

-Documentación acreditativa do grao e tipo de discapacidade, ou, no caso de condicións sen recoñecemento de discapacidade, informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos actualizados.

- O xustificante de matrícula no curso 2026/2027 (poderá presentarse posteriormente se non está dispoñible no momento da solicitude).

- A declaración da renda do último exercicio (unicamente no caso de solicitar servizos como transporte adaptado, asistencia persoal ou ILSE).

c) Para a renovación da solicitude de adaptacións tense que achegar:

- Se hai algunha actualización da situación hai que entregar a documentación acreditativa do grao e tipo de discapacidade, ou, no caso de condicións sen recoñecemento de discapacidade, informes médicos, psicolóxicos e/ou psicopedagóxicos actualizados (**única e exclusivamente é necesario se hai algunha actualización**).

ARTIGO 3. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As solicitudes deberán presentarse so de maneira telemática a través do seguinte formulario: <https://forms.cloud.microsoft/e/sKT6cRy49S>

2. Despois dende a Unidade comunicámonos co/a estudante para concertar unha cita, se é o caso.

3. A persoas que teñan dificultades para encher o formulario e completar a solicitude poden reservar unha cita co equipo técnico no seguinte URL:

<https://bookings.cloud.microsoft/book/UnidadedeAtencinDiversidade@udcgal.onmicrosoft.com/?ismsaljsauthenabed=true>

ARTIGO 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O segundo prazo para a presentación de solicitudes estará aberto **desde o día 17 de agosto ata o 25 de setembro de 2026**, ambos incluídos.

Non se admitirán solicitudes fóra de prazo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña conforme o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, preferentemente a través do formulario habilitado na Sede Electrónica da UDC, ou dirixíndose á Secretaría Xeral da UDC ou á persoa delegada de protección de datos a través dos medios previstos na normativa vixente. Poderán, así mesmo, presentar reclamacións ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA. ENTRADA EN VIGOR

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

P. D. a vicerreitora de Igualdade e Diversidade

R.R. do 10 de xullo de 2024

Cristina López Villar